

QUE SORPRESA!

Unha mañá moi cedo cando o meu pai marchaba para o traballo abriu a porta e de súpeto viu un cesto moi fermoso.

Ai! A súa curiosidade deulle por mirar o que alí había. Era un neno moi pequeno, acabado de nacer; que sorpresa!

O meu pai deu a volta, foi correndo ao cuarto onde durmía a súa muller, espertouna e díxolle:

-Colle a bata e vén ver o que hai na porta.

Baixaron correndo, e a nai impresionada colleu o cesto ,levouno para dentro e púxoo no sofá do salón.

-Que neno máis bonito!

Pensaron en quedar con el na casa pero iso non podía ser, e a nai díxo:

-Se o deixaron na porta sería porque non terían que lle dar de comer ou non o poderían coídar.-Entón a nai pensou:

-Nós poderemos atendelo ben.

Tan contentos estaban eses pais que foron espertar ás dúas fillas Marta e María, amosáronlle o bebé e díxéronlle:

-Aí tedes ao irmán pequeno que vós queríades, e as nenas exclamaron:

-ben, ben!

Nese intre chamaron á porta, era unha veciña e mandárona pasar.

-Pasa, pasa, mira o que temos aquí.

-E este bebé, de quen é ?-Contáronlle que aparecera na porta da súa

casa e ela díxolles:

-Teredes que levalo ao hospital para que o vexan os médicos e preguntarlle se vos podeades quedar con el ou darllo a outra familia que non teñan fillos e que o coíden ben.

Levárono ao hospital e contáronlle todo o que sucedera. Entón examinárono e ata lle fixeron unha analítica. Os resultados foron positivos.

Aproveitaron a ocasión para preguntarlle se o poderían levar para a súa casa, díxéronlle que iso non podía ser porque tiñan que investigar primeiro quenes eran os seus pais e por que o abandonarían .

O matrimonio regresou todo aflixido. Nada máis chegar, as súas fillas quixeron saber onde deixaran a Braís, o nome que elas elixiron para o rapaciño.

Contestáronlle que quedara no hospital, que mágoa! -dixeron elas e voltaron aos seu cuarto.

Co paso do tempo ían esquecendo a Braís. Pero un día alguén chamou á porta .

-Ola! Bos días. Traémoslle unha moi boa nova. Ao non aparecer os pais do bebé, consideramos que vós seredes unha boa familia e poderedes crialo con todo o cariño e o amor que precisa.

-Non o podó crer!-dixo a nai. Cando llo conte ao o meu home e as miñas fillas van saltar de contentos xa que mentres estivo no hospital pensaron o nome que lle ían pór "Braís" que será co nome que siga.

Esa casa cambiou por completo coa chegada dese novo ser.



3º Ed. Primaria